

MARTÍNEZ GIRÓN, J. e ARUFE VARELA, A. (2009)

*El salario mínimo en Alemania; un estudio comparado entre regímenes de salarios mínimos profesionales (alemanes) e interprofesionales legales (norteamericanos y europeos)*

A Coruña, Netbiblo, 91 pp.

**Lara M. Munín Sánchez**

Xuíza substituta

§1. A monografía a que dedico as seguintes páxinas incide nun tema aínda non suficientemente estudado pola doutrina española, como é a análise a través do dereito comparado dos diversos réximes existentes en relación co salario mínimo, tomando como referencia o sistema alemán de salarios mínimos profesionais. Os coautores, os profesores doutores D. Jesús Martínez Girón e D. Alberto Arufe Varela, veñen avalados por unha sólida formación académica, unha ampla actividade docente (dirixiron múltiples teses doutorais e foron profesores visitantes en diversas universidades estranxeiras), unha profusa produción científica (artigos, monografías, libros, manuais, obras colectivas e conferencias) e un demostrado dominio da lingua xermánica. Isto, combinado coa súa intensa dedicación, desde hai anos, á profundización no dereito alemán do traballo e a Seguridade Social proporcionalles unha posición única para afrontaren o tema, que reflectiron neste libro dunha maneira intelixente e coidadosa.

§2. A estrutura da obra articúlase sobre cinco grandes capítulos, divididos, á súa vez, en tres letras e acompañados dun apéndice documental en que se traducen as leis alemás que se manexaron para o estudo e un exemplo de convenio colectivo sobre salarios mínimos nos servizos postais alemáns. Cada un dos capítulos aborda un substrato no exame do tema xeral «o salario mínimo en Alemaña». No capítulo primeiro, titulado «Os Convenios da OIT sobre salarios mínimos profesionais e interprofesionais, e a problemática da súa ratificación», examínanse os convenios da OIT número 26, 99 e 131, e dáse unha visión panorámica da situación do salario mínimo en diversos estados europeos e nos EUA, algúns dos cales, a pesar de non ratificaren aqueles convenios, introduciron o devandito salario lexislativamente comparándoa coa existente en Alemaña, que nin os ratificou nin o introduciu. O capítulo segundo, rubricado «Os salarios mínimos profesionais amparados pola lei alemá do convenio colectivo», ocúpase da presentación do marco normativo e consecuencias da Lei do convenio colectivo, e complétase cunha xurisprudencia acerca dos «salarios de fame». O capítulo terceiro, chamado «Os salarios mínimos profesionais amparados pola lei alemá

de desprazamento do traballador», ocúpase –como adianta o seu título– da Lei de desprazamento do traballador alemá de 1996, que traspuxo a Directiva 96/71/CE e da evolución que seguiu a súa existencia, que ten unha gran repercusión no sector da construción. O capítulo cuarto titúlase «Os salarios mínimos profesionais amparados pola lei alemá (renovada) de condicións de traballo mínimas» e dedícase á situación máis recente sobre a norma que entrou en vigor en abril de 2009, examinando os efectos que dela se derivan e como se articula cos outros estratos. E, finalmente, o capítulo quinto rubricase «O incumprimento por Alemaña do artigo 4, apartado 1, da Carta Social Europea», e nel razoan os autores acerca dos argumentos sobre os que conclúen que Alemaña infrinxe o devandito precepto na interpretación dada polo Comité de Expertos.

§3. A título de conclusión, hei de recoñecer que son múltiples os motivos que me levan a aconsellar a lectura desta monografía, altamente recomendable para todo comparatista que desexe afondar nun tema tan pouco tratado como o dos salarios mínimos en diversos ordenamentos xurídicos. Ademais, o libro proporciónanos un coñecemento de conceptos chave, proxectables á nosa experiencia lexislativa e relativos ao gran motor da Unión Europea. Como colofón, cabe subscribir as palabras do profesor doutor Ulrich Zachert, tristemente desaparecido en tráxicas circunstancias e que tan boa relación tiña cos dous coautores, que no prólogo do libro afirma que «só pode esperarse que este traballo suscite o interese non só dalgúns poucos especialistas, senón do xurista en xeral».